

# A ACTUALIDADE NA NOSA BIBLIOTECA

CULTURAL GAL OBTIVO O PREMIO DE INICIATIVAS CULTURAIS

## Xabier Cordal faise co Premio da Crítica á Creación Literaria

sociedade literatura música audiovisual espectáculos

Santiago, Redacción 21 / 10 / 2013

*na morte de miña nai*

(...)

encolleu os ombros, dispuxo  
incendiar o corpo e o cadaleito  
(debía facerse cativa  
para coller no coche de volta  
con figos e pasas  
e uns zapatos novos)  
bañouse

quedara así o aire despois de chover  
con labios, transparente

a cúpula do mar azul  
e os bosques barbudos

a alfombra do péxego  
separou as xemas

entro no cuarto, abrázoa  
tapo o pequeno cunha manta  
da toupiña que quería saber  
quén lle fixera aquilo na cabeza

e non hai mar despois do mar

non teñas medo

serei eu quen relate a túa historia  
encima dun mantel branco  
traído das illas do sol

Conformado por unha serie de textos disidentes e heteroxéneos, *Transmuta* marca o regreso dun poeta esencial desde os anos oitenta en Galicia, membro do colectivo Ronseltz e artífice de títulos como *Fruto de teixo* (1993) e *A vella peneira a noite* (2001)



"Cando teña algunha idea do que é poesía escriboche, pero é improbable". Así de indefinible é a poesía para Xabier Cordal.

